

TITTAN COVID-19

TITTAN COVID-19 Translation, Innovation & Technology Transfer in Ageing Network in the context of the COVID-19 pandemic

O proxecto ten como obxectivo establecer unha rede de intercambio de coñecemento con outras rexións europeas para potenciar a innovación e a transferencia de tecnoloxía no eido da saúde. O proxecto finánciase a través do Programa Interreg Europe a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Trátase de compartir entre os membros boas prácticas para fomentar a innovación dende o exterior cara os sistemas sanitarios; potenciar a transferencia de tecnoloxías dende os sistemas sanitarios cara ao exterior; e involucrar á cidadanía na xestión do envellecemento e da saúde mediante o uso de hábitos, procesos e tecnoloxías innovadoras.

A Secretaría Conxunta de Interreg Europe anunciou en abril de 2021 a apertura dunha convocatoria extraordinaria restrinxida a proxectos xa concedidos previamente nas convocatorias anteriores de Interreg para **intercambiar boas prácticas relacionadas coa crise xerada pola Covid-19.**

O proxecto ten a duración dun ano e comenza en outubro do 2021. No marco do proxecto prevese un primeiro diálogo cos actores máis relevantes a nivel rexional para identificar as mellores prácticas relacionadas coa Covid-19 no eido da saúde potencialmente para ser transferidas a outras rexións europeas. Durante o 2022 está previsto celebrar varias sesións de intercambio de experiencias en Escocia (Reino Unido), Saxonia (Alemaña), e no País Vasco. A conferencia final do proxecto será a cargo do coordinador do proxecto en Santiago de Compostela.

Socios:

- Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), Galicia (España) - coordinador
- Fundación Vasca de Innovación e Investigación Sanitarias (BIOEF), Euskadi (España)
- Fondazione Regionale per a Ricerca Biomedica (FRRB), Italia
- Healthy Saxony (HS), Alemaña
- Digital Health & Care Innovation Centre (DHI), Edimburgo (Reino Unido)

Orzamento total: 1,784,916.00 EUR

Páxina web do proxecto: www.interregeurope.eu/tittan

DOCUMENTACIÓN PROXECTO

BOAS
PRÁCTICAS DO
PROXECTO
TITTAN COVID-
19

TITTAN Covid-19
Assessment
Report

CONTIDOS RELACIONADOS

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) coordinará o proxecto europeo TITTAN COVID-19 de intercambio de coñecemento e boas prácticas relacionadas coa Covid-19 no eido da saúde

Rexístrate no primeiro dos workshops do proxecto TITTAN Covid-19 para o vindeiro 14 de marzo

Rexístrate no segundo dos workshops do proxecto TITTAN Covid-19 para o vindeiro 4 de maio

Rexístrate no terceiro dos workshops do proxecto TITTAN Covid-19 para o vindeiro 21 de xuño

Conferencia final de TITTAN

Galicia, exemplo de innovación na loita contra a Covid-19



Sanidade comparte con outras rexións europeas as boas prácticas das farmacias comunitarias e a xestión do material de protección durante a pandemia da Covid-19



Sanidade comparte con outras rexións europeas O Plan de atención e apoio aos profesionais sanitarios e a Estratexia galega de vacinación fronte á Covid-19



Sanidade comparte con outras rexións europeas o sistema pooling para a realización de PCR e a plataforma Telea contra a Covid-19

